



Avisos

* CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS- CRUZ VERMELLA ARZÚA

Duración: 40 horas en Arzúa Datas: Sábados 22, 29 de abril, 6, 13 e 20 de maio.

As persoas interesadas poden dirixirse á oficina da Cruz Vermella de Arzúa de 9:30 a 13:30 da mañá de luns a xoves. Prazo de inscrición: ata o 17 de abril. Máis información: 981 500 589 ou arzua@cruzroja.es

* **Probas para a obtención do certificado de lingua galega** Convócanse as probas para a obtención dos certificados acreditativos dos niveis de lingua galega Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2017. Datas de realización das probas: **Celga 4:** 10 de xuño de 2017. **Celga 3:** 17 de xuño de 2017. **Celga 2:** 11 de xuño de 2017. **Celga 1:** 18 de xuño de 2017. Prazo de presentación: 05/04/2017 - 04/05/2017. Máis info: DOG, nº 66, do 04/04/17.

* AXUDAS Á COMPRA DE MAQUINARIA E EQUIPAMENTO PARA EMPRESAS NON AGRÍCOLAS

Que se subvenciona? Maquinaria e equipamentos novos e patentes e licenzas (os investimentos non poden estar iniciados na data de presentación da solicitude de axuda).

Importe: ata o 45% da inversión

Pendente de publicación no DOG.

Emprego

* Ó Concello de Boimorto veulle resolta a aprobación do programa de integración laboral da Deputación Provincial da Coruña a través do cal se realizará próxima convocatoria de contratación de tres peóns para a realización de servizos mínimos municipais.

* APERTURA DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DA XUNTA.

Estas listas son utilizadas pola Xunta para cubrir vacantes, facer substitucións e reforzar os servizos públicos. A inscrición pódese realizar en 21 listas: Enxeñeiro/a de minas, Veterinario/a, Médico/a, Enfermeiro/a, Gobernante, Xefe/a de cociña, Oficial de cociña, Subgobernante, Oficial mantemento, Auxiliar de Enfermería, ILSE..., entre outras. Prazo: ata o 15 de Xullo do 2017. Máis info: www.xunta.gal.

* **Promoción do emprego autónomo.** Requisito: Ter solicitada a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional con anterioridade á presentación da solicitude da subvención. entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017, entre outros.

Contía da subvención: 2.000 €, incrementándose nun 25% nalgúns situacións.

Prazo de presentación : 14/03/2017 - 02/10/2017. Máis información: DOG, nº 50, do 13 de Marzo do 2017

* Programa de incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas

Requisitos das persoas contratadas: maiores de 45 anos que leven máis de 12 meses inscritos como demandantes de emprego. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas:

- Entre o 1 de outubro de 2016 e o 6 de Abril do 2017: Prazo: 7 Xuño

- Entre do 7 de Abril de o 30 de Xuño de 2017: Prazo de solicitude: 30 Setembro de 2017

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 10.000 euros. Incrementarase a cantidade nun 25% nalgúns casos. DOG nº 68 de data 6 de Abril de 2017

* **Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas.** As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse coas seguintes axudas: - Primeira persoa traballadora indefinida.: **5.000 euros** - Segunda e terceira persoa traballadora indefinida: **6.000 euros**

Estas contías base incrementaranse nun 25 % nalgúns casos.

Prazo de presentación : 14/03/2017 - 02/10/2017. Máis información: DOG, nº 50, do 13 / 03 / 2017

* Axudas á incorporación de mozos/as á actividade agraria.

Prazo de presentación : 01/04/2017 - 02/05/2017. Máis información: DOG, nº 64, do 31 / 03 / 2017

* CURSOS PARA DESEMPREGADOS AFD

- **Servizos de restaurante** Duración: 608 Data Inicio: 05/07/17 Centro: UAF Melide

Dirixido a desempregados/as inscritos no SPEG.

* **AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS EN ZONAS RURAIS.** As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto a creación de emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento de emprego, sustentabilidade do medio rural e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais. Prazo de presentación : 02/03/2017 - 02/05/2017. Máis información: DOG, nº 42, do 1 / 03 / 2017

Servizos Sociais

* **Está aberto o prazo de solicitude para as axudas de pago único por fillos/as menores de tres anos** para aquelas familias que teñan menores nados entre o 2.1.2014 e o 1.1.2017, incluídos. Os requisitos son: As persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia, na data da solicitude os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante, durante o ano 2015, nin as persoas solicitantes nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estaren obrigadas a iso e cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para facer a solicitude poden acudir ós servizos sociais do Concello de Boimorto de luns a xoves de 10:00 a 15:00 ata o 29 de maio. A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria. A contía será a seguinte: Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros, a segunda filla ou fillo: 1.200 euros, a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

* **Benestar en Banerios da Xunta:**

Para beneficiarse deste programa haberá que reunir os seguintes requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

A persoa solicitante poderá ir acompañada de:

- O seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa cal teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a)
- Un fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando este o poida facer sen necesidade de apoio de terceira persoa, se poida desprazar con autonomía, comparta o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpra os requisitos agás o da letra a).
- Unha persoa coa cal desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos.

Para facer as solicitudes poden pasar polos servizos sociais do Concello de Boimorto de luns a venres en horario de 10 a 15 ata o 17 de abril

* **VOLUNTARIADO SOCIAL** O Concello de Boimorto e o Centro de Recursos de Amarai poñen en marcha un proxecto conxunto de Voluntariado Social no que as persoas que acuden ó Centro de Recursos de Amarai prestarán voluntariado social en instalacións do Concello de Boimorto. Agradecemos a colaboración dos profesionais e persoas usuarias do Centro de Recursos para levar a cabo esta iniciativa que terá unha grande repercusión mellorando a calidade de vida das persoas beneficiarias deste proxecto. Animamos ás persoas do Concello maiores de idade a que participen desta experiencia doando parte do seu tempo en tarefas de voluntariado.

Cultura

* **Viaxe a Lourdes (Francia) 3días/2noites - 7, 8 e 9 de xuño.** Itinerario: saída as 08:30 de Boimorto, parada a café en Ribadeo, xantar en Santillana del Mar, parada para café en Oyarzun e sobre ás 19:30 chegada a Lourdes. Aloxamento en Hotel 3* -2º día: Visita Santuario e visita Lourdes -3º día: almorzo en hotel e saída cara Boimorto ás 09:00, parada en Oyarzun, xantar e visita a cidade de Burgos, café en O Cebreiro e sobre ás 20:00 chegada a Boimorto.

Prezo: 100€/participante, para todos aqueles que conten co carné de socio do ximnasio e da piscina municipal, para o resto será de 176,20€ (o prezo inclúe o desprazamento en autocar, aloxamento e comidas). Terán preferencia as persoas empadroadas

Anotarse antes do día 25 de maio nas oficinas do Concello. Mínimo 35 persoas e máximo 55.